



Letras galegas en Qué leer, nº 167. Entrevista con Francisco Castro

Baixo o título de "Francisco Castro: editor de futuro, autor con rabia" publicouse esta entrevista nas seccións "Letras Gallegas" da revista [Qué leer](#), nº 167. Ofrezco aquí a súa versión en lingua galega.

Francisco Castro (Vigo, 1966) traballa como editor en Galaxia, pero dedícase a moitas máis cousas e sobre todo exerce como escritor, a súa auténtica paixón.



Cales son os teus retos para esta nova etapa de [Gálix](#)?

Celebrando todo o feito por directivas anteriores o obxectivo é, mantendo todo o iniciado, lograr unha maior presenza social. Xa conseguimos que a sociedade galega coñeza non só a asociación se non todo o que pode facer pola promoción da literatura infantil e xuvenil de maneira que gozamos dunha importante presenza na feira de Bolonia, con material audiovisual e un magnífico catálogo.

Por outro lado estamos satisfeitos de instituír a figura de "socio de honra" que pretende homenaxear anualmente unha figura da literatura infantil-xuvenil do mundo, non soamente galego, e xa comezamos con Xosé Neira Vilas, editando un libro escrito por sete importantes persoas da vida civil que falan sobre *Memorias dun neno labrego*; ademais estamos en proceso de renovación da web e iniciamos outras actividades.

Dende a túa atalaia como editor en Galaxia, como enfrontas os desafíos destes tempos?

O futuro é dixital, e témolo moi claro. Galaxia non é unha empresa, é un proxecto, é unha idea de país e sempre quixo que a literatura galega estivese na modernidade. Hoxe estamos encantados de recibir galardóns, algúns recoñecendo o noso traballo nas novas tecnoloxías. A isto engadimos a nosa presenza nas redes sociais, na blogosfera... Ou a lingua galega está aí ou cómmenos.



en ti despois do multipremiado e reeditado [Chamádeme Simbad](#), hai pouco traducido o castelán e catalán?
En min hai algo antes e despois deste libro. Non a nivel estilístico porque ese narrador que eu utilizo está sempre, pero si cambiou a nivel de percepción social da miña obra: as alegrías que me deu este libro son

moitas, aínda que naceuse dunha ferida. Decátome de que con el cheguei a obter recoñecemento da crítica e de lectores; ao tempo permitíume valorar a importancia da literatura. Noto a sensibilidade dos lectores máis novos sobre o tema que trato na novela que é o Alzhéimer.

Consideras necesaria a proxección cara a fóra da nosa literatura?

Absolutamente. Eu sempre digo que escribo non só para que me lean en Galicia se non para que me lean en todo o mundo, e escribo dende a miña lingua. A miña novela [Xeración perdida](#) está tamén a punto de saír en castelán no selo Pulp Books: é unha das miñas novelas máis queridas, se pode chegar a outras latitudes, pois será unha grande alegría.

Acaba de aparecer a túa última novela, [In vino veritas](#). Que podes dicirnos sobre ela?

Creo que esta proposta debería levar un subtítulo que sería algo así como "unha novela furiosa", porque está escrita dende a furia, dende a rabia e pretende lanzar unha mirada moi crítica, atroz de feito, sobre unha sociedade disparatada como a nosa. Está protagonizada por unha estrela da televisión, da tele rosa que, baixo a aparencia dunha novela policial, me serve para, introducindo o tema das estrañas relacións sadomasoquistas de persoas aparentemente correntes, construír unha crítica moi dura aos medios de comunicación, a esa "parvoeira" xeral que nos queren introducir. É unha novela furiosa, unha novela para se cagar en todo.

